

BASES PARA O DESFILE DE COMPARSAS E CARROZAS DE ENTROIDO 2026

O Concello de Gondomar organiza un ano mais o tradicional *desfile de Entroido*. Este evento de gran relevancia e atractivo turístico no territorio quere seguir afianzándose como evento de referencia no Val Miñor e no resto de concellos limítrofes.

Do mesmo xeito que na edición anterior, o desfile de Entroido non contará con concurso, polo que todas as comparsas participantes percibirán unha compensación económica, sempre que cumpran estritamente as condicións de participación recollidas nas presentes bases.

1. OBXECTO

As presentes bases establécense coa finalidade de regular o proceso de organización e realización do *desfile de Entroido* en Gondomar, garantindo a igualdade de trato entre todos os participantes, os que deberán aceptalas integramente unha vez presentada a solicitude de participación.

2. DATAS E HORARIOS DA CELEBRACIÓN

O Desfile de Entroido de Gondomar celebrarase, como é tradición, o domingo 15 de febreiro de 2026, coincidindo coas datas propias do Entroido, sempre que as condicións climatolóxicas o permitan.

En caso de choiva, establécese como data alternativa o domingo 22 de febreiro de 2026, no mesmo horario, salvo indicación expresa por parte desta administración. De non ser posible a súa celebración en ningunha das datas sinaladas, o desfile darase por cancelado ata a vindeira edición.

O desfile dará comezo ás 17:00 h, precedido da lectura do pregón.

O Enterro da Sardiña celebrarase o mércores 18 de febreiro de 2026 a partir das 19:00 horas, sempre que o desfile de Entroido se poida celebrar na data prevista do domingo 15 de febreiro. En caso contrario, quedará cancelado ata o vindeiro ano, salvo indicación expresa desta administración.

O Enterro da Sardiña terá a súa saída desde a Praza Rosalía de Castro ata a Praza Paradela, salvo indicación contraria e sempre que as condicións climatolóxicas o permitan.



3. LUGARES DA CELEBRACIÓN

O tradicional Desfile de Comparsas e Carrozas de Entroido partirá da rúa Eduardo Iglesias, accedendo pola rúa Ángel Urzaiz, facendo entrada na Praza Paradela, pasando por diante do Concello e continuando pola Avenida do Conde, onde finalizará o percorrido e a actuación das comparsas.

4. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

- A participación está aberta a todas as asociacións veciñais, culturais, xuvenís, deportivas, grupos, colexios, etc. que presenten comparsa legalmente constituída.
- Non serán admitidas as comparsas sen carroza.
- Terán preferencia para participar, en primeiro lugar, as comparsas do Concello de Gondomar con participación en edicións anteriores e, en segundo lugar, as do Val Miñor nas mesmas condicións.
- As comparsas deberán estar formadas por un mínimo de 20 compoñentes.
- O número máximo de comparsas inscritas será de 20, con un mínimo de 6.
- É obrigatoria a presentación dunha breve descrición da comparsa en formato PDF como documento adxunto, non manuscrita.
- As carrozas participantes no desfile non poderán exceder das seguintes dimensións, sen contar o vehículo a motor que as arrastre: 8.00m de longo, 3.50m de ancho e 4.50 m de alto.
- Non serán admitidas as comparsas con animais vivos.
- O desfile de Entroido prevese en modalidade de pasarrúas sen pausa.
- A participación implica a aceptación das bases.
- Calquera cuestión ou dúbida será resolta polo departamento Turismo no seguinte Email: oficinadeturismo@concellodegondomar.gal ou nos teléfonos 678.874.985/ 658.540.991 de luns a venres de 8:00 a 14:30h.



5. DOCUMENTACIÓN

Poderán presentar a solicitude de inscrición para participar no Desfile de Entroido de Gondomar todas aquelas agrupacións, informais ou rexistradas, que reúnan os seguintes requisitos:

A) AGRUPACIÓNS FORMAIS REXISTRADAS

- Acreditación de estar rexistrada como asociación no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia.
- Copia do DNI do representante legal da entidade.
- CIF da entidade.
- Unha declaración xurada de non perseguir con a actividade finalidade lucrativa algunha (documento orixinal con selo e firmas oficiais).
- Certificación de atoparse ao corrente das súas obrigas fiscais con:
 - o Consellería de Facenda
 - o Axencia Tributaria
 - o Tesourería da Seguridade Social
- Certificado actualizado de titularidade da conta bancaria da entidade.
- Documentación do conductor ou condutores do vehículo ou vehículos das carrozas, así como seguro, ITV ao día e permiso de circulación.
- Memoria descritiva e detallada das características e peculiaridades da comparsa (É obrigatorio cubrir alomenos 6 liñas explicando: temática, número de compoñentes, tipo de materiais empregados, peculiaridades da comparsa, anos de experiencia e/ou traxectoria. Esta memoria servirá como presentación da comparsa durante o desfile).
- Póliza do seguro de responsabilidade civil.
- Xustificante de pagamento do seguro de responsabilidade civil.



B) AGRUPACIÓNS NON REXISTRADAS

- Copia do DNI do representante.
- Folla de firmas cuberta e completa segundo ANEXO II.
- Unha declaración xurada de non perseguir con a actividade finalidade lucrativa algunha (documento orixinal con selo e firmas oficiais).
- Certificado actualizado de titularidade da conta bancaria da entidade.
- Documentación do conductor ou condutores do vehículo ou vehículos das carrozas, así como seguro, ITV ao día e permiso de circulación.
- Memoria descritiva e detallada das características e peculiaridades da comparsa (É obrigatorio cubrir alomenos 6 liñas explicando: temática, número de compoñentes, tipo de materiais empregados, peculiaridades da comparsa, anos de experiencia e/ou traxectoria. Esta memoria servirá como presentación da comparsa durante o desfile).
- Póliza do seguro de responsabilidade civil.
- Xustificante de pagamento do seguro de responsabilidade civil.

6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Todas as solicitudes deberán presentarse achegando obrigatoriamente o ANEXO I – SOLICITUDE, debidamente cumprimentado, xunto coa documentación requirida no punto 5 destas bases. A inscrición para participar no Desfile de Entroido de Gondomar realizarase a través das oficinas do Rexistro Xeral (de luns a venres, en horario de 8:00 a 14:00 horas) ou mediante a Sede Electrónica municipal, sendo esta obligatoria para as agrupacións rexistradas ou asociacións.

O prazo de presentación DE SOLICITUDES será de 10 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación destas bases na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.



Non se admitirá ningunha solicitude presentada fóra de prazo ou que resulte incompleta unha vez rematado o prazo de presentación.

As presentes bases, unha vez aprobadas, publicaranse na páxina web do Concello de Gondomar (www.concellodegondomar.gal) e na Sede Electrónica, onde se poderá descargar a documentación necesaria para formalizar a inscrición.

Para que o Desfile de Entroido se leve a cabo será necesario un mínimo de 6 solicitudes admitidas.

7. MODALIDADES E COMPENSACIÓNS ECONÓMICAS

O Concello de Gondomar establece as seguintes modalidades de participación, en función do número de compoñentes de cada comparsa e da presentación dunha carroza:

- **Comparsas de 20 a 30 compoñentes:** 450 €
- **Comparsas de 31 a 40 compoñentes:** 500 €
- **Comparsas de 41 a 50 compoñentes:** 550 €
- **Comparsas de 51 a 60 compoñentes:** 600 €
- **Comparsas de 61 a 70 compoñentes:** 650 €
- **Comparsas de 71 a 80 compoñentes:** 700 €
- **Comparsas de máis de 81 compoñentes:** 750 €

As comparsas do Concello de Gondomar que presenten a súa solicitude en tempo e forma e sexan admitidas no Desfile de Entroido percibirán unha axuda económica adicional de 100 € por cada carroza extra, ata un máximo de dúas carrozas.

Enténdese por carroza a plataforma decorada, coas dimensións indicadas no punto cuarto destas bases, que sexa arrastrada por un vehículo a motor das mesmas características que a carroza principal. O resto de elementos (como camiões con equipos de música ou outros soportes) terán carácter decorativo ou complementario e non computarán para este incremento económico.

O Concello de Gondomar establece un número máximo de 20 comparsas participantes e un mínimo de 6, tendo preferencia aquelas do Concello de Gondomar que



participasen en edicións anteriores e, a continuación, as do Val Miñor nas mesmas circunstancias.

Todas as solicitudes rexistradas dentro do prazo establecido que superen o número máximo de comparsas admitidas pasarán a formar parte dunha lista de agarda.

8. TRIBUNAL DE COMPROBACIÓN

O Concello de Gondomar contará cun tribunal de comprobación que, no mesmo día do desfile, antes e durante o mesmo, comprobará que todas as comparsas inscritas cumpen cos requisitos establecidos nestas bases.

9. OBRIGAS DOS PARTICIPANTES:

- Os participantes comprométense a acatar íntegramente o establecido nestas bases e quedarán suxeitos ás modificacións que a organización considere.
- Os participantes comprométense a acudir ao Enterro da Sardiña, que se celebrará o mércores 18 de febreiro (salvo outras indicacións por parte desta administración), cun mínimo de 10 compoñentes. Ese día tamén estará presente o tribunal de comprobación.
- Os participantes comprométense a respectar e cumprir todas as medidas de seguridade para garantir o correcto desenvolvemento do desfile.
- Os participantes comprométense a comunicar por escrito, mediante as oficinas do Rexistro Xeral ou a Sede Electrónica, antes do 10 de febreiro, a súa renuncia a participar no Desfile de Entroido de Gondomar, de ser o caso. Será obrigatorio comunicar calquera cambio na formación ou composición das comparsas ata dous días antes do desfile.
- Os participantes deberán comezar puntuais o seu turno de desfile, algo que tamén verificará o tribunal, de acordo coas normas de convivencia e horarios previamente notificados por correo electrónico ás comparsas participantes.
- Os participantes comprométense a entregar toda a documentación requirida nestas bases.



- As comparsas participantes deberán indicar no ANEXO I SOLICITUDE se precisan espazo para desmontar a carroza ao remate do seu desfile.
- A documentación debe estar completa e correctamente cuberta unha vez finalizado o prazo de inscrición e/ou subsanación indicado pola administración; en caso contrario, a solicitude darase por desestimada.

10. OUTRAS CONSIDERACIÓNS:

10.1 Sancións económicas:

Establécese unha sanción económica de 150 € que será descontada do importe a percibir pola entidade participante cando concorra algún dos seguintes supostos:

- Non acudir ao Enterro da Sardiña cun mínimo de 10 participantes caracterizados.
- A impuntualidade das comparsas.
- O incumprimento das obrigas establecidas nas presentes bases.
- Excederse do tempo máximo establecido para o percorrido do desfile, que en ningún caso poderá superar os 20 minutos desde a saída ata o paso diante do Concello.
- Realizar pausas durante o pasarrúas non autorizadas.
- Representar, escenificar ou manifestar durante o Desfile de Entroido calquera actitude ou xesto incívico que implique violencia ou incite ao odio.

10.2 Outras consideración:

- A orde de saída das comparsas será por riguroso orde de entrada das solicitudes de inscrición presentadas mediante o Rexistro Xeral.
- Calquera modificación nos horarios de saída deberá comunicarse ao Concello de Gondomar, mediante as oficinas do Rexistro Xeral ou a Sede Electrónica, con 5 días de antelación ao desfile.



- Cada comparsa contará cun tempo máximo de 20 minutos de desfile, desde o inicio do percorrido ata o seu paso diante do Concello.
- Ao pasar diante do Concello estará ubicado o palco de autoridades, onde un representante da comparsa deberá subir a recoller un agasallo conmemorativo e participar na foto de familia.
- No momento da inscrición, as comparsas autorizan ao Concello de Gondomar a fotografar ou gravar as formacións e a utilizar as imaxes con fins promocionais e documentais do evento.
- Queda prohibida a participación de animais vivos no desfile.
- O Concello de Gondomar reservase o dereito de cancelar ou modificar datas ou horarios do desfile, sen que isto xere compensación económica para os participantes.
- O Concello poderá suspender o desfile por causas de forza maior sen que isto xere compensación económica para os participantes.
- O Concello notificará, entre o 2 e o 6 de febreiro, mediante correo electrónico ás comparsas, a orde de saída, indicando a hora á que deberá estar a carroza no punto de partida e o horario de saída de cada comparsa.
- O Concello reservase o dereito de modificar o percorrido do desfile ou o desenvolvemento do Enterro da Sardiña, previa comunicación ás comparsas, sen que isto xere compensación económica.
- As comparsas deberán estar preparadas no lugar e horario indicados pola organización para o inicio do desfile.
- A lectura do pregón farase desde o balcón do Concello ás 16:30 h, e as comparsas non terán que estar presentes.
- Non se poderá modificar a solicitude unha vez presentada, nin aumentar o número de participantes ou carrozas.
- As solicitudes que non poidan ser aceptadas serán notificadas aos interesados nun prazo máximo de 48 horas desde que se rexistrou a solicitude; en caso contrario, todas as solicitudes daranse por aceptadas.
- Non acudir ao desfile sen previo aviso ou sen cumprir os prazos establecidos de notificación, que finalizan o 10 de febreiro, conlevará a non participación no vindeiro ano.
- A presentación da solicitude de participación implica a conformidade con estas bases.

